



3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Introduction

2. Methodology

3. Results

4. Discussion

5. Conclusion

6. References

7. Appendix

8. Acknowledgements

9. Contact Information

1. Primeira persoa do singular do pretérito imperfecto de indicativo do verbo crer:

- A) Criamos
- B) Crise
- C) Crese
- D) Cría

2. Dise do quinto dedo da man:

- A) Polgar.
- B) Matapiollos.
- C) Maimiño.
- D) Furabolos.

3. Sinale o significado correcto da palabra "serodio":

- A) Que contén soro.
- B) Relativo ou pertencente á seroloxía.
- C) Que sucede tarde, despois do acostumado ou do momento preciso.
- D) Persoa que se adica a sermonar.

4. A palabra "idónea" leva acento porque:

- A) É grave rematada en ditongo.
- B) É esdrúxula.
- C) É grave rematada en vogal.
- D) É aguda rematada en vogal.

5. Cal é a diferenza entre os termos "nós" e "nos"?

- A) Nós é determinante e nos é substantivo.
- B) Nós é pronome átono e nos é pronome tónico.
- C) Nos é pronome átono e nós é pronome tónico.
- D) Nos é determinante e nós é pronome persoal.

6. Indique cal das seguintes series constitúe unha familia léxica:

- A) Lingua, idioma, dialecto, fala.
- B) Lingua, linguaxe, lingüístico, bilingüe.
- C) Regra, norma, código, lei.
- D) Normativizar, normalizar, estandarizar, formalizar.

7. Indique a forma correcta de escribir o ordinal de 81:

- A) Octoxésimo/a primeiro/a.
- B) Octoxésimoprimeiro/a.
- C) Octaxesimoprimeiro/a.
- D) Octaxesimo/a primeiro/a.

8. A palabra "afastada" significa que está:

- A) Cerca.
- B) Preto.
- C) Próxima.
- D) Lonxe.

9. Das seguintes series, só unha contén na súa totalidade adverbios de tempo. Sinálea:

- A) Algures–Abondo–Asemade.
- B) Acolá–Ningures–A carón.
- C) Acotío–Axiña–Arestora.
- D) Amodo–Devagar–Paseniño

10. Sinale cal das seguintes series é correcta ortograficamente:

- A) Amou–Seguiu–Ademais–Papeis.
- B) Amóu–Seguíu–Ademáis–Papéis.
- C) Amou–Seguíu–Ademáis–Papeis.
- D) Amóu–Seguiu–Ademais–Papéis.

Preguntas de reserva

1. Na frase "O armario do meu cuarto é moi grande", a palabra cuarto é:

- A) Un número ordinal.
- B) Un número cardinal.
- C) Un substantivo.
- D) Un pronome

2. As palabras "encoro" e "presa" son entre sí:

- A) Antónimos.
- B) Contrarios.
- C) Sinónimos.
- D) Homónimos.